



Xogade

ORIENTACIÓN ESCOLAR

XOGOS GALEGOS DEPORTIVOS EN IDADE ESCOLAR

1. INSCRICIÓNS

A inscrición no programa XOGADE (Xogos Galegos Deportivos en Idade Escolar) formalizarase a través da páxina Web www.deporteescolargalego.com. Pódese acceder tamén a través da web "xogade.xunta.gal".

A data de peche da inscrición dos equipos será o 31 de xaneiro de 2020.

2. PARTICIPANTES

Só poderán participar os/as deportistas das seguintes categorías:

Infantil: nados/as nos anos 2007-2006 masculino e feminino

Cadete: nados/as nos anos 2005-2004 masculino e feminino

3. FINS DA ACTIVIDADE DE ORIENTACIÓN

O deporte de Orientación ofrece aos participantes unha ferramenta útil no ensino pero tamén unha alternativa moi atractiva para o gozo do tempo libre.

Con este deporte os participantes aprenden a orientarse en calquera situación ou circunstancia. Extrapolando as nocións básicas deste deporte á vida cotiá a orientación aporta coñecementos aplicables nas numerosas situacións do día a día, como poderían ser: a cidade, a natureza, o seu propio contorno urbano e incluso en situacións pouco habituais que supoñen o descoñecemento de certos lugares, unha situación de desorientación respecto á rutina diaria e a adaptación a novos contornos.

4. ELEMENTOS BÁSICOS PARA A COMPETICIÓN

A carreira de orientación é unha carreira individual, contra reloxo e en terreo descoñecido, na que o deportista ten que pasar por unha serie de puntos chamados controis, os cales están sinalados con exactitude no seu mapa, e situados no terreo mediante unha baliza. O deportista completará o percorrido máis ou menos rapidamente dependendo da súa habilidade para interpretar o mapa (xunto co apoio do compás) e o seu nivel de condición física.

5. FASES DA PROMOCIÓN ESCOLAR

En función da participación, poderá haber varias fases zonais previas ao Campionato Provincial, nas zonas de Coruña-Ferrol e de Noia-Santiago.

No campionato Provincial poderán participar todos/as os/as rapaces/rapazas en idade escolar, nas categorías infantil e cadete, clasificados/as nos Campionatos Zonais previos.

Os clasificados de cada unha das zonas dependerá do número de inscritos/as en cada unha delas.

As distintas fases realizaranse para as categorías infantil e cadete, masculino e feminino, e a participación é individual.

6. SEGURO

Toda a documentación referente á cobertura do seguro está dispoñible no programa Xogade, na páxina web www.deporteescolargalego.com. Nesta páxina o acceso ao protocolo de actuación e á poliza do seguro é aberto.

Lembren que todo o corpo técnico, deportistas e familiares deben coñecer o protocolo de actuación do seguro de accidente deportivo.

7. DATAS

As datas de celebración das fases previas será entre febreiro e marzo.

O Campionato Provincial realizarase entre os meses de marzo e abril.

8. VARIOS

O Servizo de Deporte da Coruña, a través das agrupacións deportivas de zona, dictará as normas necesarias para o bo funcionamento da competición.

9. OUTRAS NORMAS

Todos os aspectos non recollidos nesta norma e na normativa xeral do programa Xogade serán regulados pola normativa oficial da Federación Galega de Orientación: <http://fegado.es/>